

4. Resolución de expedientes de contratación.

Por Providencia de Alcaldía de data 25-06-2009, aprobouse iniciar o expediente para a contratación da obra "Adecuación de praza pública en Pazos", motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Con data 09-07-2009, incorporouse ao expediente o Prego-tipo de Cláusulas Administrativas Particulares da Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP nº 98 do 29 de abril de 2008, que han de rexer a adxudicación do contrato.

Mediante Resolución de Alcaldía número 187/2009, de data 09-07-2009, aprobouse o expediente e o Prego de Clausulas Administrativas para a adxudicación da obra "Adecuación de praza pública en Pazos", por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo se procedeu a autorizar o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 10-07-2009, solicitáronse ofertas ás seguintes empresas e empresarios:

- CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.
- OBRAS XERAIS, S.L.
- CONSTRUCCIONES RAMÓN VÁZQUEZ, S.L.

Con data 22-07-2009, certificáronse as ofertas que constan no expediente.

Con data 27-07-2009, o órgano de contratación adxudicou provisionalmente a favor da empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. o contrato da obra "Adecuación de praza pública en Pazos", polo prezo de 204.305,61 € (176.125,53 euros de base imponible e 28.180,08 euros de IVE).

Con data 28-07-2009, a adxudicación provisional publicouse no Perfil de Contratante do órgano de contratación.

A adxudicación provisional notificouse ao adxudicatario CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L., requiríndoo para que presentase a documentación xustificativa de

acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíse a garantía definitiva.

Con data 04-08-2009, (R.E. núm. 2.801/04-08-2009), o adxudicatario provisional, CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L., constituíu a garantía definitiva por importe de 8.806,28 euros, e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, celebrada o día 27-08-2009, acorda:

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato da obra "Adecuación de praza pública en Pazos" aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27-07-2009 e publicada no Perfil de Contratante.

SEGUNDO. Dispoñer o gasto con cargo á partida 2009.432.9c.601.00 do presuposto vixente de gastos.

TERCEIRO. Notificar a CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L., adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar o día 28-08-2009, a partir das 12.00 horas.

QUINTO. Publicar a adxudicación definitiva do contrato da obra "Adecuación de praza pública en Pazos", no Perfil de contratante do órgano de contratación.

SÉTIMO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.